

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 29 DE SETEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PEREZ RIOLA
CARMELA PRIETO CAL
MAGDALENA PEREZ VILLAR
MANUEL MARTINEZ LOPEZ
LUIS RUBIDO RAMONDE
ESTEBAN BLANCO GARROTE
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia os Concelleiros:

JESUS ROMERO CARRACELAS
ERMITAS GARCIA RIOS
MARIA JOSE RODRIGUEZ PEREZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ


INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa consistorial do Concello de Cedeira, ás 20:05 horas do día 29 de setembro de 2022, reúnen os membros do Concello Pleno arriba relacionados, en primeira convocatoria, co obxecto de realizar sesión ordinaria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), previa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19.

Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto. A Presidencia solicita dos membros asistentes autorización e consentimento para a gravación da sesión plenaria, así como a prestación de declaración de atoparse en territorio español, respondendo afirmativamente todos os concelleiros presentes. Constátase o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 28.07.2022

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 28.07.2022.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de 28.07.2022 resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. APROBACIÓN CONTA XERAL 2021

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 21 de setembro de 2022, que di:

“**Expediente:** 2022/T017/000001

Asunto: Aprobación conta xeral 2021

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a Conta Xeral do exercicio 2021, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

De acordo co informe de Intervención emitido sobre ela, e o Acordo da Comisión Especial de Contas emitido con data 29 de abril de 2022.

Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións, e que durante ese prazo non se presentaron en tempo e forma alegacións, como reflicte o certificado de Secretaría de 20 de setembro de 2022.

Propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2021.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por cinco (5) votos a favor do PSdG-PSOE, e cinco (5) abstencións do PP (4) e do BNG (1), ACORDA: APROBAR a proposta nos termos no que quedou transcrita.

3. ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de setembro de 2022, que di:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 21.09.2022, que dí:

“O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa Next Generation EU, o maior instrumento de estímulo económico financiado pola Unión Europea, en resposta á crise causada polo coronavirus.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) é o instrumento que aprobou o Goberno de España para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation EU no marco do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR), establecido a través do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos Estados Membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

O MRR ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados Membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar as transicións ecolóxica e dixital. Todos eles van dirixidos a restaurar o potencial de crecemento das economías da UE, fomentar a creación de emprego tras a crise e promover o crecemento sostible.

O artigo 22 do MRR impón unha serie de obrigas aos estados membros como beneficiarios de fondos orientadas á protección dos intereses financeiros da Unión, cuxo cumprimento efectivo foi o principal motivo da aprobación da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que no seu artigo 6 establece a obriga de toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR de dispor dun “Plan de medidas antifraude” que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detención e corrección do fraude, da corrupción e dos conflitos de intereses.


Visto o PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Plan PREMADECOR), publicado o día 04 de xullo do 2022 no BOP nº 125, ao que todos os concellos e entidades locais da provincia poden adherirse mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda.

Resultando que existen tres niveis ou graos de adhesión dos concellos ao citado Plan:

- 1º grao: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos, previsto para todos os concellos da provincia, e implica a adhesión ao plan, que unha vez aprobado, será de exclusiva competencia municipal.

- 2º grao: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios con delegación da función de avaliación de riscos, ó que poderán acollerse os concellos de ata 10.000 habitantes, inclúe o primeiro nivel e se encomenda á Deputación a xestión das funcións de avaliación de riscos en cada un dos expedientes de gasto nos que exista financiamento do PRTR

-3º grao: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios, con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local, tamén previsto para concellos de ata 10.000 habitantes, e ademais do incluído no segundo nivel, se delega



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

na Deputación a utilización da canle de bo goberno e denuncias, a análise e seguimento do plan no ámbito municipal e mesmo a tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.

Considerando que esta entidade local ten a condición de entidade executora do PRTR, e sendo de interese a adhesión do concello de Cedeira ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Plan PREMADECOR), no terceiro nivel.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención emitidos en data 20.09.2022.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, proponho ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PREMADECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.

2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACI e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.

3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e poñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE "AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN AS PONTIGAS". POS+2022

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de setembro de 2022, que di:

“Vista a Proposta de Alcaldía de data 13.09.2022, que dí:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

“Expte. 2021/C003/000002

Mediante o acordo plenario de data 03.02.2022 solicitouse a participación no POS+2022 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado "**Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas**".

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 342/2022 de 29 de xuño foi aprobado o proxecto modificado de “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas”, e remitiuse aos servizos técnicos da Deputación Provincial para a súa supervisión.

O resultado da supervisión resultou desfavorable, polo que foi preciso modificar de novo o proxecto técnico para subsanar as deficiencias detectadas.

Con data 07.07.2022 (R.E. 2022/999/1371) o redactor do proxecto D. Igor Vergara Otero presentou o proxecto modificado denominado “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas”, asinado dixitalmente con data 07.07.2022, o cal non varía no seu orzamento con respecto ao inicialmente redactado.

Neste novo proxecto modificado están subsanadas as deficiencias detectadas na supervisión realizada, e se atenden as demandas veciñais recibidas. As modificacións realizadas baséanse nos seguintes puntos:

- Eliminación da parte final do ramal cara a Pardiñeira, un tramo de algo máis de 150 m coa pendente do terreo en contra do sentido de avance das augas dentro dos colectores e unha profundidade máxima de zanja de arredor de 5 metros.

En primeiro lugar se plantexou unha solución íntegramente por gravidade para este tramo, con apertura de zanzas entibadas de ata 5 m de fondo e colocación dos colectores coa pendente en contra do terreo. Sen embargo, un eventual atasco ou problema de importancia no futuro no tramo de maior profundidade implicaría unha reparación moi custosa e con grandes molestias para os veciños da zona.


Así pois, nesta última modificación ao proxecto de “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas” decidiuse a eliminación deste tramo do colector da Pardiñeira, quedando pendente para unha futura ampliación da rede de saneamento a construción dun pozo de bombeo nesta zona que de servizo ás vivendas da Pardiñeira situadas a unha cota máis baixa.

- Formación de novos ramais de saneamento debido á demanda dos veciños, para así incorporar a unha serie de pequenos núcleos de vivendas que non se contemplaban no proxecto orixinal para esta fase de ampliación da rede.

O ramal “A” engade 110 m de trazado e 2 pozos de rexistro. O ramal “B” que discorría pola marxe esquerda da estrada DP-2206 agora discorre polas dúas marxes para dar servizo a un maior número de vivendas. Incorporárase tamén un pequeno ramal a carón dos ramais “A” e “B”, tamén na marxe esquerda da DP-2206.

Tamén se amplía a rede de colectores na parte baixa de As Pontigas, xa nas proximidades da E.D.A.R. de As Pontigas, de novo para dar servizo a un maior número de vivendas.

- Actualización dos prezos contemplados no proxecto orixinal, tendo en conta a situación inflacionista actual en xeral e dentro do sector da construción en particular.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- Aínda que a eliminación da mencionada parte do ramal da Pardiñeira supón un aforro considerable, non chega a compensar o custo da construción dos novos ramais e a inflación acumulada destes últimos meses.

Polo tanto, despois de facer o correspondente estudo hidráulico decídese cambiar os colectores inicialmente contemplados de PVC corrugado 315 mm por outros de PVC liso 250 mm.

Esta redución no diámetro dos colectores, e polo tanto no prezo por metro de colector, permite incorporar os novos ramais mencionados ao tempo que se actualizan os prezos de todo o proxecto construtivo á situación actual do mercado.

Por isto, **propoño ao Pleno da Corporación:**

1.- Aprobar o proxecto técnico modificado denominado “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas”, asinado dixitalmente con data 07.07.2022, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2022, en substitución do exemplar inicialmente enviado.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 402/2022 DE DATA 29.07.2022-DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de setembro de 2022, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía nº 402/2022 de data 29.07.2022, que dí:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023

Con data 29.07.2022 (rex. de entrada núm. [202290000001094](#)) recibíuse un escrito da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no cal se comunica o calendario laboral para o ano 2023 na Comunidade Autónoma de Galicia; e así mesmo se solicita o envío da proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2023.

É competencia do Pleno o coñecemento ou aprobación destes días de festa, e a vindeira sesión realizarase o día 29 de setembro, polo que co fin de remitir no prazo establecido (antes do 1 de setembro) o acordo ao órgano competente da Comunidade Autónoma, se procede a fixar os citados días de forma provisional nesta resolución, que deberá ser ratificada no vindeiro Pleno ordinario.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Por todo o exposto, **RESOLVO**:

1.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2023 os seguintes:

- 13 de xuño: San Antonio

- 26 de xullo: Santa Ana

2.- Dar traslado da presente resolución á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

3.- Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación para a súa ratificación, na primeira sesión que realice.”

A Comisión, por tres votos a favor do PSdG-PSOE, e dúas abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 402/2022 de data 29.07.2022.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: O outro día, na Comisión Informativa, o portavoz do Partido Popular, Luís Rubido, plantexaba cambiar o día 26 de xullo, Santa Ana, para cambialo polo día de San Cosme. O outro día vimos que xa saíu publicado no BOP, corríxeme se me equivoco (dirixíndose á Sra. Secretaria), unha vez sae publicado, salvo que haxa algún erro no contido, non se pode cambiar, non?

A Sra. Secretaria di: Enviouse un correo preguntando esta posibilidade e contestaron que xa saíra publicado o 27.09.2022 e que unha vez publicado hai 15 días naturais para mandar unha nova proposta, pero no caso de que se detecte un erro.

O Sr. Alcalde di: Refírense a erro nunha data.

A Sra. Secretaria di: Claro, isto sería cambiar o día.


O Sr. Alcalde di: Eu creo que para este ano xa chegamos tarde. Haberá que estar pendente outros anos de que a principios de verán podemos comezar a falar isto, que quede xa constancia neste Pleno, que se leve no Pleno de maio ou xullo a proposta de días festivos e tratalos entre todos, que sempre é bo.

A Sra. López Rodríguez di: A min paréceme que están ben así, como o tiñamos. Non me parece mal a proposta de Luís, pero xa están.

O Sr. Alcalde di: O tema de San Cosme, como sempre se celebra o sábado e o domingo... Non digo que o 26 de xullo sexa para sempre, pero igual ver outras datas: Entroido, Samaín...

O Sr. Rubido Ramonde di: San Cosme para o ano é martes. Nós traíamos a idea de abstermos porque isto xa se falou outro ano. Tampouco queremos dificultar se non vai a haber maioría. Non creo que vaia a ter transcendencia, se non hai maioría, votariamos a favor.

O Sr. Alcalde di: Nosoutros agradecemos a proposta. Creo que si que se falou, xa fai anos, incluso no anterior mandato.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, o outro ano.

O Sr. Alcalde di: O ano pasado? Eu creo que xa fai. A min sóame de falar isto aquí, presencialmente.

O Sr. Martínez López di: Faláramos de cambiar a San Xoán.

O Sr. Pérez Riola di: Unha pregunta Luís, Santa Ana non é a patroa de Cedeira?

O Sr. Rubido Ramonde di: É da parroquia Santa María del Mar de Cedeira, si.

O Sr. Alcalde di: Luís falaba o outro día de que Piñeiro é a parroquia que máis habitantes ten, viña nese sentido. E despois dicía que se facemos festivo o 26, Santa Ana, que é un día que moita xente do mar ou xente que está traballando fora de Cedeira non pode disfrutar de ese día. Era a explicación que daba Luís o outro día.

O Sr. Rubido Ramonde di: É xa unha cuestión práctica. Se é unha persoa que traballa no mar, xa nada, non pode perder un día de verán de ir ao mar e a construción tampouco. Iso límitase a actos relixiosos e á verbena de pola noite, que se podería seguir celebrando, pero é moi distinto no mes de setembro que o poden aproveitar os escolares e o tempo é outro. Pero bueno, xa está.

O Sr. Alcalde di: Si, que conste en acta que para o ano que ven, no Pleno do mes de maio, con antelación, se poida tratar este asunto, para que se chegue a un acordo entre todos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 402/2022 de data 29.07.2022.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR - ORDENANZA REGULADORA DAS CONDICIÓN PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES EN EDIFICIOS EXISTENTES DE CARÁCTER RESIDENCIAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 26 de setembro de 2022, que di:

“Vista a Moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal Popular en data 26.09.2022, que dí:


“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

O Grupo Municipal Popular do Concello de Cedeira, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución no seu artigo 49 establece como un dos seus principios o de levar a cabo políticas de integración das persoas con discapacidade.

Neste sentido é importante destacar a preocupación social existente en mellorar as condicións de accesibilidade nos edificios de vivendas existentes e carentes deste servizo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Esta situación revela unha necesidade de redactar unha Ordenanza específica que defina o marco legal necesario para a instalación de ascensores en edificios de vivendas existentes, contemplando **incluso a posibilidade de implantalos sobre chan de dominio público, cando esta sexa a única opción posible** para resolver a accesibilidade nas edificacións.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular no concello de Cedeira .eleva ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Iniciar por parte dos Servizos Técnicos a redacción dunha Ordenanza reguladora da condicións para a instalación de ascensores en edificios existentes de carácter residencial contemplando a posibilidade do seu asentamento mesmo no dominio público cando esta sexa a única opción viable tanto pola súa dificultade técnica como económica.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día.

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: Non hai moito máis que engadir. Aínda non sabemos a postura dos técnicos. Agora mesmo non é unha proposta finalista, non vai crear dereito para os cedeireses, o que propoñemos é que se redacte, se presente e se debata previamente. Non é unha novidade no campo xurídico, posto que hai moitas poboacións e cidades que dispoñen dela. En Galicia eu creo que sería novedosa e para Cedeira moi interesante para a poboación.


A Sra. López Rodríguez di: Nós imos votar a favor. Tampouco tiñamos moi clara a xustificación, pero agora que escoitamos a Luís, se é máis ben facer o estudo e todo iso, pois estamos a favor. Se é posible e os técnicos están de acordo, a nós parécenos unha boa medida. Imos votar a favor.

O Sr. Alcalde di: Antes de nada se podemos cambiar una palabra da exposición de motivos, onde di “A Constitución no seu artigo 49 establece como un dos seus principios o de levar a cabo políticas de integración das persoas con discapacidade”, igual aquí poderíamos poñer “con mobilidade reducida” ou “favorecer a mobilidade universal” para que quede un pouco máis bonito que poñer “persoas con discapacidade”, non? É unha suxestión.

O Sr. Rubido Ramonde di: Vale.

O Sr. Alcalde di: Nós estamos totalmente a favor desta moción, como xa comentamos o outro día na Comisión Informativa. Tamén queremos os informes dos técnicos. Estiven falando sobre isto cos técnicos, para ter máis información para traer hoxe ó Pleno. Agora mesmo non temos ningunha solicitude de colocar un ascensor fora do edificio en dominio público, pero si que é verdade que pode haber algún problema nalgún edificio que teña carencia deste servizo e que sería totalmente necesario polo tema da accesibilidade universal. Ó final pode supoñer un prexuízo a algún local, negocio, un baixo vivenda que ten que ocupar o seu espazo porque ten que saír da planta 0. Queremos ter máis información sobre iso e ver cómo se pode recoller para que esa ordenanza se poida levar a cabo.

Continúa o Alcalde: A mellora da accesibilidade mediante ascensores e outro medios, nas edificacións existentes, encádrase nas actuacións no medio urbano, dentro do marco da rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbanas. O suposto de actuacións illadas



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

en edificacións existentes, como poderían ser as actuacións nun edificio de vivendas, encádrase nas actuacións illadas de rehabilitación, que se describe na L3R artigo 2.k) "...as actuacións identificadas como tales pola administración competente, seguindo o procedemento recollido nesta lei, co obxecto de rehabilitar edificacións existentes cando existan situacións de insuficiencia ou degradación dos requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e habitabilidade das edificacións." No suposto da ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público, a lei establece unha serie de requisitos para ditas actuacións no medio urbano, en resumo:

Viabilidade, que non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución. É dicir, que a primeira solución non sexa colocar o ascensor nun espazo público se se pode integrar dentro do edificio. Hai que xustificar que non é viable técnica ou economicamente no interior do edificio. Son aspectos que hai que ter en conta;

Seguridade, que quede asegurada a funcionalidade dos espazos libres, das dotacións e dos demais elementos do dominio público, é dicir, ás veces igual ó poñer un ascensor por fora do edificio pode meterse na propia beirarrúa, nunha praza e pode crear máis mal por outro sentido. Entón, é unha cousa que hai que estudar que non afecte á funcionalidade do espazo público. Por exemplo, o que dicía da beirarrúa que pode afectar aos servizos públicos, como o saneamento e o abastecemento, isto xa sería moito máis sinxelo. É dicir, se hai un baixo que quere pasar un ascensor por un lateral e hai saneamento e abastecemento, bueno, é un mal menor, precisaría un pouco máis de obra, pero poderíase facer.

Requírese a delimitación espacial do ámbito de actuación sobre o medio urbano, sexa conxunta ou illada.

Unha vez firme o acordo administrativo do anterior, si é o caso de ocupación de superficies de espazos libres ou de dominio público que sexan de titularidade municipal, este lexítima a ocupación destes, polos temas expropiatorios.

Cesión do uso do solo ou recualificación e desafectación, con alleamento posterior. Establecerase unha cesión de uso do solo polo tempo en que se manteña a edificación ou, de ser o caso, a súa recualificación e desafectación, con alleamento posterior á comunidade ou á agrupación de comunidades das persoas propietarias correspondente.

Mellora da accesibilidade con ocupación de superficies comúns de uso privativo.

Obrigacións complementarias, relación co planeamento vixente...

O Sr. Alcalde di: A maiores creo que tamén lle podemos pedir á Deputación da Coruña, dentro da petición que fai o Grupo Popular aos técnicos do concello, eu tamén llo pediría á asistencia a municipios dos servizos técnicos da Deputación. Así como tamén á Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda porque canta máis información podamos ter dos organismos que están precisamente para iso, para axudarnos, sería o mellor. Xa se ten feito algunha actuación, por exemplo, onde está Correos. Non se puxo un ascensor, fíxose aquela rampla para que a xente puidera acceder, naquel momento fixéronse os informes técnicos correspondentes. Estamos a favor disto, que se redacten os informes correspondentes, que se pidan as opinións e informes, tanto á Xunta como á Deputación e sacalo para diante porque vemos que é necesario. Sobre todo pola xente pola que nos debemos preocupar, a que máis o necesita. O noso voto é completamente a favor. Non sei se queres engadir algo máis, Luís?

O Sr. Luís Rubido di: Non, non. Xa se irá vendo coa redacción.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
000391/2022	APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC 18 2022 XC 09 2022
000392/2022	MODIFICACIÓN DAS INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DO SERVIZO QUE VIÑAN A PERCIBIR AS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CEDEIRA POLOS DESPRAZAMENTOS QUE REALIZAN DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.
000393/2022	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "MELLORA DE FIRME NOS LUGARES DE SANTALLAMAR, CORDOBELAS, MAGOIRA E OS CANDALES"
000394/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE SOPORTES METÁLICOS PARA CONTENEDORES. FCA 2022
000395/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE TRACTOR CORTACÉSPED. FCA 2022
000396/2022	CONTRATO DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA - CONCERTO DO GRUPO "ARIZONA BABY"
000397/2022	RECLAMACIONES TGSS DÉBEDAS POR DIFERENCIAS EN LIQUIDACIONES DE CUOTAS DE VARIOS PERÍODOS
000398/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 6 UDS. CAMAS XERIÁTRICAS CON INCORPORADOR E BARANDILLAS
000399/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000026375 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000400/2022	NOMINA XULLO DE 2022
000401/2022	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
000402/2022	DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023
000403/2022	CONTRATO DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA AO AIRE LIBRE - ESPECTÁCULO "VOLANDO...VENGO"
000404/2022	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2022 (PROCEDEMENTO PR450A)
000405/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA TÉCNICA E TRES PEÓNOS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "ACTUACIONES DE MELLORA DA EFICIENCIA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL DO CONCELLO DE CEDEIRA"
000406/2022	ALTA DA ASOCIACIÓN CEDEIRA BASKET CLUB NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS
000407/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE RESTAURACIÓN DE LATERAL DA PONTE DE MADEIRA SOBRE O RÍO CONDOMIÑAS
000408/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000026455 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000409/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MOBILIARIO PARA EQUIPAR A SALA DE LECTURA E A SALA INFANTIL DA BIBLIOTECA MUNICIPAL
000410/2022	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN 4-ÚLTIMA DA OBRA DE CERRAMENTO PISTAS DE PADEL
000411/2022	PROPOSTA APROBACION URXENTE TAXA OCUPACIÓN VIA PUBLICA
000412/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA MÓNICA VIGO VILARIÑO POR BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000413/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-54
000414/2022	APROBACIÓN DOS PLANS DE SEG. E SAÚDE, DE TRABALLO E DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DA OBRA DE MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE SANTALLAMAR, CORDOBELAS, MAGOIRA E OS CANDALES
000415/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XULLO DE 2022
000416/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE FORMIGÓN CON FIBRA PARA PAVIMENTAR O PATIO DO COLEXIO AREAL
000417/2022	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2022
000418/2022	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
000419/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO NA CARBALLA, PARROQUIA DE MONTOXO
000420/2022	CONTRATO MENOR DE OBRA DE EXECUCIÓN DE MURO ESCOLLERA PARA CONTENCIÓN DE PENDENTE NA CARBALLA
000421/2022	EXPEDIENTE DE XERACIÓN DE CRÉDITOS MC 20 2022 XC 11 2022
000422/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO CON ZAHORRA EN ARÓN, PARROQUIA DE SAN ROMÁN
000423/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-55
000424/2022	RECLAMACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA IRPF 2020 LIQ. PROVISIONAL 111 1T,2T,3T, 4T DE YOLANDA PEREZ COSTA
000425/2022	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA MIRIAN PENA BREA
000426/2022	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000427/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000026509 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000428/2022	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA A SUA FILLA DANIELA RODRIGUEZ DIAZ
000429/2022	PROPOSTA APROBACION RELACION DE FACTURAS DE SU ELECTRICO F.2022-56
000430/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO E GASTOS SANITARIOS)
000431/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO)
000432/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000433/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS
000434/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER E SUMINISTROS)
000435/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000436/2022	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO TRABALLADORES PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2022.
000437/2022	RECLAMACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA GALICIA POR LIQUIDACIÓNS PENDENTES CON PORTOS DE GALICIA
000438/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS (ALIMENTOS)
000439/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (SUMINISTROS)
000440/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POLOS SISTEMAS PUBLICOS)




CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

000441/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO E VESTIDO)
000442/2022	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000443/2022	ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE LÁMPARAS LED NAS RÚAS SAN ANDRÉS DE TEIXIDO, DEPORTES E RÍO DA VEIGA. FCA 2022
000444/2022	DELEGACIÓN DO SR. ALCALDE NA CONCELLEIRA CARMELA PRIETO CAL PARA OFICIAR UNHA VODA CIVIL
000445/2022	CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DE CEDEIRA ANO 2022
000446/2022	REINGRESO Ó SERVIZO ACTIVO DE DON FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE CEDEIRA E CESE DE DONA EVA MARÍA GARCÍA CANEIRO COMO FUNCIONARIA INTERINA.
000447/2022	MC 21 2022 TC 05 2022
000448/2022	MC 22 2022 XC 12 2022
000449/2022	LEVANTAMENTO REPARO F-2022-2040 SERVIZOS DOS CONCELLO GALEGOS
000450/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-476
000451/2022	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS A VARIOS PROCESOS DE SELECCIÓN DO ANO 2022
000452/2022	ANULACION DA RESOLUCIÓN 451/2022 DE 19/08/2022 RELATIVA Á DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS A VARIOS PROCESOS DE SELECCIÓN DO ANO 2022
000453/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-60
000454/2022	PREMIOS TRAIÑEIRAS 2022. VI BANDEIRA VILA DE CEDEIRA
000455/2022	SOLICITUDE DO INFORME TÉCNICO EMITIDO POLO CONCELLO DE CEDEIRA NO PE BADULAQUE
000456/2022	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE JESUS LASO VILLAR. SOLICITA: SOLICITO DEVOLUCION DE LA SUSCRIPCION ANUAL DEBIDO A LA SITUACION EN LAS PISTAS DE PADEL.
000457/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-61
000458/2022	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA MARÍA DOLORES TABOADA GÓMEZ
000459/2022	NÓMINA AGOSTO 2022
000460/2022	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
000461/2022	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS REALIZADOS AO ABEIRO DO CONVENIO FORMALIZADO CON AGADIC PARA O 1º SEMESTRE DE 2022
000462/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000026689 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000463/2022	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
000464/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACIÓN F-2022-63
000465/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-64
000466/2022	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 03.09.2022
000467/2022	DECRETO LEVANTAMENTO REPARO APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA REHABILITACIÓN DO EDIFICIO CASA AVELINO
000468/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION F-2022-65
000469/2022	DECRETO LEVANTAMENTO REPARO APROBACIÓN CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN "REHABILITACIÓN DO EDIFICIO "CASA AVELINO" PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS. FASE 1"
000470/2022	ANULADO POR ERRO NA ELECCION DOS ASINANTES NO CIRCUITO DE SINATURA
000471/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL (SUBSTITUE AO



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	DECRETO 270/2022 ANULADO POR ERRO NOS ASINANTES)
000472/2022	PROPOSTA APROBACION DE FACTURAS SU ELECTRICO F-2022-66 E ABONOS
000473/2022	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE AGOSTO DE 2022
000474/2022	XOGOS POPULARES 2022
000475/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION RELACION F-2022-67
000476/2022	DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
000477/2022	APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA E DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA COMISIÓNS DE FESTAS 2022
000478/2022	MC 23 2022 XC 13 2022
000479/2022	MC 24 2022 XC 14 2022
000480/2022	ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 459/2022 DE 29/08/2022 E APROBACIÓN DA NÓMINA DE AGOSTO DE 2022
000481/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE CAMPAÑA DE INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DA RECOLLIDA SEPARADA DE BIORESIDUOS CON TRATAMENTO BIOLÓXICO
000482/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ASESORAMENTO PARA O PROXECTO DE SEPARACIÓN E RECICLAXE EN ORIXE DE BIORESIDUOS MEDIANTE A SÚA COMPOSTAXE DOMÉSTICA
000483/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000484/2022	CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2022-23
000485/2022	MC 25 2022 TC 06 2022
000486/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
000487/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE RESTAURACIÓN DE PEZAS DE MADEIRA ARTÍSTICO-HISTÓRICAS DAS TERRAS DE CEDEIRA
000488/2022	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE MELLORA DO FIRME DA PISTA POLIDEPORTIVA DO PARQUE FLOREAL
000489/2022	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE ESCADAS E PONTELA SOBRE O RIO CONDOMIÑAS
000490/2022	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA BEIRARRÚAS NA AV. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+ADIC 2-2021
000491/2022	RECLAMACIÓN AUGAS DE GALICIA POR AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS
000492/2022	CONCESION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA ANTE SITUACIÓN DE EMERXENCIA
000493/2022	RECLAMACIÓN TGSS DÉBEDA POR ACTUALIZACIÓN EN LIQUIDACIÓN DE CUOTAS DO PERÍODO 01 2022 02 2022
000494/2022	MC 28 2022 TC 07 2022
000495/2022	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000026890 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000496/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION F-2022-68
000497/2022	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO E VESTIDO)
000498/2022	PREMIOS VIII PINTURA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA 2022
000499/2022	ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE
000500/2022	AVOCAR A COMPETENCIA A APROBAR A RELACION DE FACTURAS F-2022-71
000501/2022	UNIFICACIÓN DE TRIENIOS A XORNADA PARCIAL E COMPLETA DA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA MARÍA ISABEL PELÁEZ MONTERO.
000502/2022	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLA AUXILIAR DE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira
<https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	AXUDA NO FOGAR DONA MÓNICA VIGO VILARIÑO.
000503/2022	DESIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIA DONA MONTSERRAT PÉREZ GARROTE POLAS XESTIÓNS EXTRAORDINARIAS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DURANTE AS VACACIÓNS DE DONA ELENA PAZOS VILELA.
000504/2022	DESIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE A DON CASIMIRO GARCÍA GARCÍA POLAS XESTIÓNS EXTRAORDINARIAS REALIZADAS DURANTE AS VACACIÓNS DE DON BERNARDO PÉREZ FERNÁNDEZ.
000505/2022	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL
000506/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2022-69
000507/2022	LEVANTAMENTO DE REPARO DA FACTURA F-2022-2445 SOGAMA
00508/2022	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 29.09.2022

O Pleno da Corporación queda enterado.

8. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

9. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, a Sra. López Rodríguez di: Nos imos facer unha pregunta: queremos saber cómo está o tema de sempre, das auxiliares de axuda no fogar. Porque estiveron falando con nós e pedíronnos que o comentáramos no Pleno, outra vez, porque parece ser que vai bastante lento. Creo que falaramo contigo a semana pasada.

O Sr. Alcalde di: Si.

A Sra. López Rodríguez di: Entón, queriamos que nos contárades vós.

O Sr. Alcalde di: Contesto eu a unha parte, sobre as reunións que tivemos con elas, e logo vai especificar un pouco máis Carmela. No seu momento, cando se aprobou o decreto horario foi consensuado entre o comité de empresa, sindicatos e o grupo de goberno. Ao pouco de aprobarse, enterámonos de que había unha nota de prensa na que se expoñían unha serie de cuestións por parte das compañeiras do SAF coas que non están de acordo e na que se nos pedía a responsabilidade de por qué se fixo iso. Nós o que fixemos daquela foi, primeiro, comentarilles que fora todo consensuado na mesa de negociación, que podía haber un erro, pero que nin o comité de empresa, nin os sindicatos, nin nós mesmos...que si houbo algunha cousa que non quedou o suficientemente clara, volveríamnos a sentar, que non había ningún tipo de problema por parte de ningún, que se fixo sen ningunha mala intención. Despois, tivemos unha reunión Carmela e máis eu con elas, con varias representantes das traballadoras, na que analizamos eses puntos e dos puntos que analizamos, salvo o último punto que era o da libranza dos días festivos, falamos da compensación dos días de verán que no decreto vai ben recollido, é dicir, elas interpretábanos como que nós non lles íamos dar os oito días de verán que lles corresponderían e si que se llos imos a dar. Despois, había a dúbida dos festivos, o decreto fíxose pensando en que se ti traballas 3 horas, contabilízanseche 3 horas, o que queren e que se contabilice a xornada completa. Entón, como había esa dúbida e como se falaba do tema do convenio, eu o que fixen foi pedirlle á Secretaria que fixera un informe. Naquel momento, a Secretaria estaba de vacacións e dixo que para aclarar as dúbidas consideraba conveniente facer consulta a un avogado laboralista que nos axuda no concello, e comuniquéille ás



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

auxiliares do SAF que no momento no que vovera de vacacións a Secretaria teríamolo enriba da mesa, como así foi. O avogado fixo o seu informe que o ten a Secretaria que se non ten listo o seu informe hoxe, vaino ter mañá. No momento que teña o informe, pasarase ás traballadoras e verémolo con elas. O informe pode ser cara un lado ou cara o outro. Nós estamos dispostos a sentarnos con elas nunha mesa de negociación, sen problema, e chegar a un acordo porque sabemos que o pasaron mal e que traballan moitísimas horas en xornadas moi complicadas, non teñen unha xornada de luns a venres como ten a maioría da xente. Estamos dispostos a sentarnos con elas e chegar a un acordo satisfactorio para todos, sempre e cando o servizo siga funcionando perfecto e non haxa ningún tipo de problema.

A Sra. Pérez Villar di: Os días que reclaman xa están dados, xa teñen asignados os días. De feito, para a semana xa empezan a librar.

O Sr. Alcalde di: Si, pero no momento que falamos todo isto con elas si que había esa interpretación de que non se lles ía a dar.


A Sra. López Rodríguez di: O problema máis grande que ven elas ou agravio, non sei como chamalo, é o tema da compensación dos festivos. Polo menos a min é o que máis me comentan. E agora mesmo xa sabemos cómo van as cousas no concello, como sempre, van lentas entón a elas fáiselles interminable, séntense un pouco como que se lles está ninguneando e iso é o que eu non quero que elas sintan.

O Sr. Alcalde di: Estiveron comigo catro compañeiras o luns ou o martes a última hora, viñeron falar comigo e precisamente comentáronme iso. Eu intentei explicarlles que as cousas non son tan rápidas. Oxalá tivéssemos cinco Secretarias, catro Interventoras e sete Técnicos para axilizar as cousas o máis axiña posible. Ó final todos somos compañeiros e todos queremos o benestar de todos. Entendo que cando a un lle afecta o tempo pasa moitísimo máis lento.

A Sra. López Rodríguez di: E sobre todo, como dicías ti antes, despois de todo o que levan pasado e traballado. Xa son un colectivo que por tema do convenio son do peor que hai agora mesmo. Eu creo que todas as melloras que sexan legais e que se poidan facer que se lle las debemos dar e apurar o máximo posible.

O Sr. Alcalde di: Eu realmente non a pido, eu a quen lla pido é á Secretaria. É como o que falamos antes do tema da ordenanza dos ascensores, ás veces os técnicos cando miran as actuacións ou algo complexo como unha modificación puntual, algunha cuestión de urbanismo pois eles soen facer unha consulta á asistencia de municipios. A min custaríame pasar por riba dun técnico para pedir asistencia a un terceiro sen ter o beneplácito dos técnicos porque sería como faltar un pouco ó respecto ós propios técnicos do concello, isto foi a indicación da Secretaria, foi ese o procedemento. Non sei se Carmela quere esclarecer algo do que dixer.

A Sra. Prieto Cal di: Eu simplemente quero dicir que modificar o decreto foi a maneira de solventar os problemas que xa falamos outras veces e que si están recollidos no decreto era a maneira máis sinxela de facelo, despois de ter aprobada a RPT. Eu, por suposto, que se me equivoquei, descúlpome, porque o único que pretendía facendo ese traballo era mellorar as condicións das traballadoras. Neste caso temos a sorte de que é reparable e que no caso de que despois os informes así o digan, que nos sentemos a valorar e negociar, e en tal caso, por suposto que se lles van a devolver. É o que eu podo dicir e que a intención non foi nunca recortar dereitos, nin moitísimo menos, todo o contrario.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Temos pensado ir tamén polo mesmo tema. A min quédame unha dúbida, a información que teño eu é que dende o 1 de xaneiro de este ano non se compensan os festivos. A miña pregunta é: o compensar os festivos está supeditado ao informe técnico?

O Sr. Alcalde di: Que non se compensan os festivos dende o 1 de xaneiro? A petición de informe á Secretaria foi sobre a modificación do decreto, como dixo Carmela, para tentar solucionar algunha das demandas e problemas que había no anterior. Entón, aí houbo, digamos, unha interpretación cara un lado e cara o outro do que é a compensación das horas traballadas nos días festivos a través do convenio laboral. Entón, por iso dende Alcaldía solicítase á Secretaria que faga un informe sobre o convenio, que nos diga cómo se ten que facer a compensación de esas horas. Entón, como dicía Carmela, dependendo do que nos diga como temos que compensar as horas, se nosoutros temos que devolver as horas, que son un dereito delas, devolveranse. E se o informe é cara o outro lado, sentarémonos nunha mesa de negociación para chegar a un acordo que satisfaga a todas as partes. Estamos dispostos tamén a modificar ese decreto.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ben. Iso é o que quería saber.

A Sra. López Rodríguez di: Pero estánselles compensado agora?

A Sra. Prieto Cal di: Ata que se aprobou o decreto, a compensación era que cando traballaban un festivo supoñíase que traballaban o dobre do traballado, era tempo por tempo. A cuestión está en que agora co cambio da forma de contabilizar, se non chegaban ás 140 horas de traballo, o que se chamaba traballo efectivo que xa está recollido no decreto, nos seus días laborais se non chegan ás 7 horas traballadas no horario que teñen que creo que é de 8 a 9. A cuestión é que agora se da por feito que traballan sempre o máximo da xornada posible, independentemente de que teñan a xornada ou non que creo que era iso o que xeraba debate. As contas que se facían antes eran coa primeira hora que entran coa que saen, sen contar o parón máis grande que tiñan de tempo de descanso que habitualmente coincidía coa hora da comida e agora cóntase, sen superar as horas de traballo, o máximo de horas posibles. A cuestión agora está en se as horas que traballan son contabilizadas co máximo, que serían as 7,5 h ou 6,5 h en horario de verán. O tema xa non é como se contabilizan esas horas, senón cómo se devolven as horas traballadas nos festivos, se é por dous ou non. Aí está o debate. Non sei se contestei ben porque lieime un pouco.

O Sr. Alcalde di: Estase compensando dunha forma, pero o que se está a demandar é outra, queren que sexa o dobre.

A Sra. Prieto Cal di: Ó mellor non se lles compensou antes desta forma, pero si que o falamos e se non se está facendo teremos que falalo outra vez, que se aprobaba o decreto, pero que as devolucións as faríamos dende o 1 de xaneiro. Se hai alguén que non ten as horas compensadas, haberá que sentarse e miralo.

O Sr. Alcalde di: No seu momento, houbo outra proposta, que se falou aquí e falamos tamén dos gastos de locomoción que subiran bastante e incrementamos o custe do quilometraxe e fixémoslo con carácter retroactivo. Creio que se aprobou a mediados de xullo e fixémoslo con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro. Sería unha cousa semellante a isto.

O Sr. Luís Rubido di: De acordo. Quería pedir desculpas porque os que estamos en Cedeira estamos nas nosas casas, por comodidade, e vosoutros estades aí no salón de Plenos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Non pasa nada. Por outro lado, que saibades que non nos chegou aínda, non sabemos cando vai ser a aportación do POS deste ano. Un dos proxectos que queremos meter, no que xa estamos comezando a traballar nel, é o do Palacete, o saneamento do sótano do Palacete, a primeira planta, etc. É unha demanda conxunta de todos, por iso queríamos adiantárvolo, por si tíñades algunha outra solicitude. Cando teñamos unha proposta feita, intentaremos pasárvola antes da Comisión Informativa.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:50 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE

PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA

ANA VELO RUIZ